

## SINTAXE

### Unidades e funcións

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Unidades</b>  | Partes que conforman o enunciado e que desempeñan unha función determinada (palabra, frase, cláusula, estrutura coordinada, oración)   |
| <b>Funcións</b>  | Relacións que se establecen entre as unidades que forman o enunciado (SUX, PRED, CI, CD, CC, ATRIB, NUC, MOD...)   |
| <b>Relacións</b> | <b>Subordinación:</b> é necesario que exista a unidade principal para que exista a subordinada<br><b>Coordinación:</b> as unidades son independentes entre si<br><b>Interdependencia:</b> precísanse as dúas unidades entre si |

**Frase:** Unidade lingüística con sentido e sen verbo que desempeñe unha función dentro da cláusula ou dentro doutras frases

### Tipos de frase:

|                       |   |
|-----------------------|---|
| <b>frase simple</b>   | a que non ten outra frase no seu interior     |
| <b>frase complexa</b> | a que ten no seu interior unha ou máis frases |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| <b>frase endocéntrica</b> | formada por un NUC e un MOD, este non obrigatorio |
| <b>frase exocéntrica</b>  | formada por dous constituíntes necesarios         |

|  |                          |
|--|--------------------------|
| <b>frase substantiva</b><br><b>frase adxectiva</b><br><b>frase adverbial</b> | NUC + MOD                |
| <b>frase nominal</b><br><b>frase preposicional</b>                           | DET + NOM<br>REL + TERMO |

**Cláusula:** Unidade sintáctica que necesita obrigatoriamente un PRED. Outras funcións sintácticas que pode incluír son: SUX, ATRIB, CD, CI, CC, CPRTVO, SUPL

### Tipos de cláusula:

|                        |  |
|------------------------|--|
| <b>cláus. simple</b>   | un só PRED   |
| <b>cláus. complexa</b> | unha cláusula incrustada dentro doutra; relación de <b>subordinación</b> |

### Tipos de cláusulas incrustadas:

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>cláus. incrust. substantiva</b> | introducidas pola conx. QUE, un INF, un pronome, un adv. interrogativo, a conx. SE; poden funcionar como SUX, ATRIB, CD, SUPL...   |
| <b>cláus. incrustada adxectiva</b> | introducidas polo pron. rel. QUE (ou <i>quen, o/a cal, os/as cales</i> ) que poden funcionar como SUX, CD, CI..., ou polos adv. relativos <i>onde, cando, como</i> . A cláusula funciona como MOD.   |
| <b>cláus. incrustada adverbial</b> | funcionan como un CC; introducidas polos adv. <i>como, cando, onde</i> . Pode ser:<br><b>-locativa:</b> introducida polo NEXO <i>onde</i> ou a loc. <i>onde (queira que)</i><br><b>-temporal:</b> introducida polo NEXO <i>cando, mentres</i> ou as loc. conx <i>a penas, antes de que, así que, cada vez que, tan pronto, despois de que, desde que...</i><br><b>-modal:</b> introducida polos NEXOS <i>como, segundo, conforme, consonte</i> ou as loc. conx. <i>de xeito que, sen que, como queira que...</i> |

**Oración:** unidade sintáctica con dous ou máis PRED relacionados por **interdependencia** (oracións bipolares) ou **coordinación** (oracións coordinadas). De igual xeito que as frases e as cláusulas, as oracións poden ser **simples** ou **complexas**.

#### Tipos de oración bipolar

| TIPO               | ESQUEMA        | cláusulas                     | NEXOS   |
|--------------------|----------------|-------------------------------|---|
| <b>condicional</b> | se A, B        | CONDICIONANTE<br>CONDICIONADO | <i>se, a non ser que, agás, a menos que, no caso de que</i> |
| <b>concesiva</b>   | aínda que A, B | OBXECCIÓN<br>CONCESIÓN        | <i>aínda que, malia que, a pesar de que, por pouco que</i>  |
| <b>causal</b>      | A porque B     | CAUSA<br>CONSECUENCIA         | <i>porque, posto que, xa que, como, pois, dado que...</i>   |
| <b>consecutiva</b> | A entón B      | ANTECEDENTE<br>CONSECUENTE    | <i>entón, daquela, polo tanto, así que, xa que logo...</i>  |
| <b>comparativa</b> | A como B       | 1º TERMO<br>2º TERMO          | <i>ca, que, do que, como coma</i>                           |

#### Tipos de oración coordinada

| TIPO                | ESQUEMA      | cláusulas            | NEXOS                       |
|---------------------|--------------|----------------------|-----------------------------|
| <b>copulativa</b>   | A e B        | MEMBRO 1<br>MEMBRO 2 | <i>e, nin, e mais...</i>    |
| <b>disxuntiva</b>   | A ou B       | M1 M2                | <i>ou</i>                   |
| <b>adversativa</b>  | A pero B     | TESE<br>ANTÍTESE     | <i>mais, pero, senón</i>    |
| <b>distributiva</b> | ora A, ora B | M1 M2                | <i>ora...ora, ben...ben</i> |

#### ACTIVIDADES

1. Indica se as seguintes unidades sintácticas son cláusulas (simples ou complexas), oracións bipolares ou oracións coordinadas; indica sempre que poidas os subtipos:

O avó de meu pai e a avoa de miña nai teñen a mesma idade  
 Gustaríalle moito que a foses visitar  
 Xa coñecemos á mestra que vai dar as clases de inglés  
 Este pandeiro que toco é de pelica de ovella  
 Vendía contos polas feiras porque lle sobaban historias na cabeza  
 Vou contigo se me pagas a cea  
 Suspendeu o exame de matemáticas  
 Cando chegue a Vigo chámote ao móbil  
 Decidiu escribir unha novela que recolla a súa vida  
 Á primeira hora da mañá colleu o bus que o deixou no traballo  
 Mercou unhas leitugas e fixo unha ensalada  
 Facemos os deberes ou vemos a película

2. Indica as funcións sintácticas presentes nas seguintes cláusulas, sen analízalas:

O viño do Ribeiro é moi agradábel ao padal  
 Fumar prexudica gravemente a saúde das persoas  
 Catro vellos mariñeiros pescaron un rodaballo vestidos de traxe amarelo  
 Este ano eles non quixeron vir á cea de fin de curso  
 Fíxolle un retrato moi orixinal a María con rotuladores  
 Ser un xenio consiste en facer unha obra de arte con calquera obxecto  
 Esta mañá tivemos moito traballo na oficina  
 Sempre che gustou gastar bromas aos demais  
 O can é o mellor amigo do home  
 Os deportistas falan entusiasmados despois da carreira

3. Subliña as cláusulas incrustadas adxectivas e indica a función que desempeñan os seus pronomes relativos:

O rapaz que nos vendeu as cereixas ten unha casa en Goián  
O colexio onde matriculou os fillos ten servizo de comedor  
Non me gusta a xente que fala sen pensar o que di  
Entregarán un diploma acreditativo a quen asista aos cursos  
Levamos á comisaría a carteira que atopamos onte pola noite na rúa  
A muller que fai limpeza na empresa ten un contrato a tempo parcial  
Este verán vaise estrear o curro que construíron os veciños na aba do monte

4. Analiza sintacticamente as seguintes oracións:

Os sindicatos convocaron unha folga xeral dado que o goberno quere eliminar as pensións  
Podería aprobar todas as materias por pouco que estudase  
Se baixas tí o can antes de que te deites xa non me levanto eu  
A obra resultou máis disparatada do que eu pensaba  
Deixade de darlle á lingua e concentrádevos no voso traballo  
Se leses máis libros cometerías menos erros de ortografía  
Hai lúa chea daquela non necesitaremos lanterna  
Malia que xa teño o carné de conducir non me deixa o seu coche  
Ora di que se atopa ben, ora quéixase pola dor  
No caso de que teña tempo irei con vós á feira  
A temperatura na casa era máis fresca ca na rúa  
Non sabemos onde traballa agora nin temos o seu número de teléfono  
Hai vexetarianos que non comen ovos porque derivan de animais  
Por máis que penso non dou lembrado como se chamaba aquela aldea  
Prometinlles que chegaría cedo se me deixaban volver saír mañá

5. Analiza sintacticamente os seguintes enunciados:

A falta de vontade, as metas inalcanzables e a pouca motivación son as tres causas máis citadas polas persoas que abandonan as súas dietas  
O primeiro ministro israelí prometeu onte retirar os caros blindados que asedian as cidades palestinas pero dixo que actuarán se Arafat non restablece a calma  
A policía sostén que a rede actuaba en Casablanca, onde capturaba aos inmigrantes, e en Barcelona onde falsificaba os documentos  
As achegas dos emigrantes supoñen un auténtico motor económico, xa que contribúen a un maior consumo  
O informe de Intermón subliña que as achegas dos inmigrantes ás arcas públicas superan con amplitude os custos sociais que xeran  
Sentín pena pola pobre vítima cando souben a noticia  
Atopeino alegre pero botou a chorar cando marchou da casa  
O aire era fresco e puro porque había un pouco de neve so as árbores  
O informe desvela que os envíos máis económicos que os emigrantes fan aos seus países superan amplamente as cantidades que os países ricos destinan ao desenvolvemento  
O médico que atendeu ao meu fillo dixo que o neno tiña febre cando chegou á consulta  
Parece que os traballos de retirada de Cumulum terán respaldo institucional se prospera a iniciativa presentada polo concello  
O temporal deixouse sentir en Lugo onde os bombeiros tiveron que acudir ao recinto feiral para limpar algunhas das casetas nas que a auga entrou a causa da escasa capacidade dos sumidoiros  
Escribo desde Lugo, esta vella cidade romana e sacramental, onde nacín e vivo, e coa que me sinto moi vencellado, porque amo a súa historia, as súas razas e prazas, e lembro con agarimo os homes e mulleres que lle foron dando carácter ao longo dos séculos

**Recorda que os nomes das unidades sintácticas van sempre en minúscula (oración, cláusula, frase e clase de palabra) e as funcións sintácticas van sempre en maiúsculas (DET, NOM, REL, TERMO, NUC, MOD, SUX, PRED, ATRIB, CD, CI, SUPL, PRTVO, CAUSA, CONSECUCIONA, CONDICIONANTE, CONDICIONADO, MEMBRO 1, MEMBRO 2...)**